

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



SUMARIO

Galicia xuzgada por Castelar.—*A III Asambleia Nazionalista.*—*A vítima e mail-o ladrón* (versos), Avelino Rodríguez Elías.—*Causas de antinacionalismo*, por Ramón Villar Ponte.—*O ferrocarril Santiago-Cruña.*—*Ao bó irlandés* (versos), de Victoriano Taibo.—*A sombra de Xan de Robres.*—*Hossanna!* (versos), de Manoel Antonio.—*A custión d'Irlanda durante a guerra.*—*Xurdimento*, por Xesús San Lois Romero.—*Cáceres dalle unha lección a Galizia.*—*Lirica nova*, por Vicente Risco.—*Galizia para Castela e Cataluña.*—*O Ateneio de Vigo*

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ó mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Lea vostede,

NOS

Boletín mensual da cultura galega. Órgao da sociedade galega de publicacíós «Nós»

DIREITOR: Vicente Risco

EDITASE EN OURENSE

Redaición e Administración: Padre Feijóo, 12

Abonamento

Doce números, na Península	6 ptas.
» » Fora	15 »
Número solto	0'60 na Península
	1'50 fora

EFEKTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Raiña) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todos os trens.

O Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16-VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo os derradeiros adiantos.

Lloyd Real Holandés

ANSTERDAM

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio rápido por vapores correios desd'a
Cruña e Vigo cada tres semanas

Línea de América do Sur

Vapor correo rápido . . .	«LIMBURGIA»
Id. id. id. . .	«Brabantia»
Id. id. id. . .	«GELRIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicitárense con anticipación.

Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

Vapor correo rápido . . .	«HOLLANDIA»
Id. id. id. . .	«FRISIA»
Id. id. id. . .	«ZEELANDIA»

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro, Consignatario na Cruña e Vigo

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 138 — 15 ABRIL 1921

Galicia xuzgada por Castelar

Eu sei a vosa historia e canto tendes contribuído os galegos á cultura universal dende as apartadas regiões de ocidente, ondes tedes aparecido por séculos de séculos como os habitantes estremos do planeta, en cuios ámbitos mil contos, mais ou menos fabulosos, narrábanse de vós; e como os primeiros esculcadores do mar inmenso, cuia inmensidade nas antigas nocións astronómicas, confundía-se c'oa mesma inmensidade do ceo, e cuias augas n-os serán apagaban como unha brasa purpúrea a roja faz do sol.

Eu ainda coido ver a nave de bimbos e coiro na que leváchedes ao illaedo británico, entonces sin nome, os primeiros celtas da vosa grande familia céltica, que tanto ten contribuído á sua cultura general c'os primeiros gérmenes d'aquel antigo celtismo, que resulta hoje, ao resplandor da crítica moderna, o mais espiritoalista de todolos dogmas paganos. Eu coido escutar o saudo ás vosas costas polos primeiros navegantes fenicios, chamando-a estrela vespertina na letanía de quentes loubas con que todolos descubridores encarecen todolos descubrimientos.

Eu reconozco na vosa CRUÑA a Gades fermosa do Norte: e cando vexo a torre ciclópea do famoso faro de Hércules, que personifica os combates das forzas humanas c'osas forzas resistentes, c'osas forzas mecánicas, coido ver, ainda que aló na Alejandría, tan ufanada por ter dado nome aos faros, a luz da vosa inteligencia, mais prouida decerto que a luz dos astros, esclarecendo en lonjanas edades os remuiños das ondas do mar e ensinando aos misérrimos traballadores do mar a carantoña fosca dos poderosos ilotes, entre as tebras mestas das tormentosas noites.

Eu admiro en vos unha virtude que, si non fai grandes improvisacions sípetas, fai as obras seculares; eu admiro a dôce forteza con que tedes contrastado as moitas invasions e tedes oposto á cábala do fenicio, á reducción do heleno, á codicia do cartaginés, a despótica autoridade do romano, aquela consustancialidade c'oa vosa terra, querida e adorada por igual como un santuario, e aquele vello culto ao espírito dos vosos pais, escintilante ainda enriba dos altares de pedra granítica e baixo as ramallas dos lucos ou soutos sagrados; proba de canto poden as razas empeñadas en conservaren para o sangue propio, intacta a alma secular, vivos costumes e creenzas histó-

ricas—contra os diluvios do ar, contra os terremotos do chao, contra as ruínas do tempo, contra as catástrofes geológicas do planeta, contra os estragos da guerra e de más plagas sociaes, contra as forzas cósmicas así de destrucción como de renovación—cando queren contrastar a fatalidade incontrastable do Cósmos e ainda as grandes arbitrariedades da libertade, con obstáculo de insuperable resistenza, de grande poder e alcances, que todo o move parecendo quedo, e todo o troca parecendo perenne a calada e recatada e apenas visible voluntade popular, de propósitos modestos e humildes, más sempre firmes e de longa dura, que chaman constancia e que, sin dúbida, está destinada de seu a vencer todolos arrebatos nas continuadas competencias da vida e nos perdurables combates do mundo.

E como sei canto levades feito pol-a patria no esforzo d'os sete séculos, no descubrimento de novas terras, na cultura de arredadas colonias, en batallas navales como a de Lepanto, en porfiás por conservar o predominio mariño da Hespaña, que comenzañ e rematan con dous feitos nefastos para a nosa fortuna, mas cheos de gloria para a nosa honra, c'oa armada invencible e Trafalgar, n-aquela epopeia que se chama guerra da independencia; como sei canto tedes feito pol-a patria, sei canto tedes feito pol-a libertade; sei canto tedes feito, non sólo aló nos séculos medios adiantando-vos mais de douscentos anos aos ciompios da Florencia, aos labregos da Alemania e aos frondistas da França, e aos comuneiros de Castela, e aos moravos da Austria, en combatir ao feudalismo e en fundar polos séculos XIV e XV a vella Irmandade, rudimento das democracias novas, destinadas a encher o mundo; como sei canto tedes feito, non sólo n'estes arredados incidentes da vosa historia e da vosa vida, n-outros mais pertos consentíde-me que saude á cibidade, cuia voz foi a primeira en reanudar o grande e maravilloso esforzo da segunda revolución liberal nos comenzaños da nosa centuria, esta revolución, sin vós, sin a Cruña do ano vinte, houbérase perdido, e ao perderse, non rematará como rematóu: c'oa Santa Alianza da Europa e c'oa restauración realista na França, non adiantara como adiantou a independencia da Grecia e a libertade na Sicilia e Cerdeña.

Eu conozo, pois, e estimo voso carácter moral, vosas virtudes cívicas: a tenacidade con que tedes gardado aquellas cualidades fisiológicas e espirituales da vosa raza ilustre, a cuio amor debebedes a vida.

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximun d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

A III Asambleia nazionalista galega

Cando este número do noso Boletín chegue á man dos nosos amigos, acharáse en preparación a abertura da III Asamblea Nazionalista galega. En Vigo na fermosa cidade honra da Terra, os representantes gloriosa e inequívoca com'a de Lugo, e dende logo mais fecunda ainda que esta i-a de Compostela, xa que hoxe a experencia de todos vai sendo menente facer xermolar de preferenza na Terra na da patria base dos outros progresos.

Tencionamos que a nosa Asambleia ha resultar tan gloriosa e inequívoca com'a de todos vai sendo maior e todos podemos decatarnos xa de canto é comenente facer xermolar de preferenza na Terra la que somos nados.

Ademais dos representantes que van a Asambleia son moitas as adesidas recibidas, das que teremos de dar conta, así coma das numerosas que se agardan ainda.

Tódolos bôs e xenerosos confian en que os actos de Vigo sexan proveitosos. Todos agardamos que ali se poñan d'unha vez as bases d'unha estreita unidade e d'unha seria disciplina.

Entr'os persoeiros do nazionalismo galego que na cidade da Oliva van agora xuntarse, hainos pertencentes ás diversas eras sociaes: homes de negocios, industriaes, catedráticos, estudiantes, obreiros, poetas, literatos i-artistas. Eles saberán erguer un con augüardade i-entusiasmo a bandeira sagra das reinvindicacións galegas.

¿Onde se facerá a IV Asambleia? Inda non o sabemos. Mais sabemos, en troques, que a IV Asambleia ha ter, polos elementos que á mesma haberán de se invitaren, unha resonia universal. E sabemos tamén qu'o nazionalismo galego vai camiño do trunfo xúrdio. Irmáns, bos irmáns, "¡sursum corda!" ¡Terra a Nosa!

A vítima e mail-o ladrón

A ventán por onde entraches
estaba arrente do chan.
(Pr'o ladrón d'honras alleas
todo é fácel de chimir)

Un enreixado de ferro
mandoule poñer meu pai,
dimpois qu'o creto perdido
ningún m'había roubar.

Fíxome monxa en crausura,
mentras que tí ceibo estás.
¡A vítima, enferrollada,
e o ladrón, en libertad!

A. RODRIGUEZ ELIAS.

Causas de antinazionalismo

En que un pobo reclame o dereito que tén de gobernar a si mesmo, cando iste dereito lle non é reconecido, ou se hacha mediatisado por algúns podres estranos á propia soberanía, non pode haber ofensa pra ninguén. E non soio non pode habela, sinón que, polo contrario, tal reclamación deberá ser motivo, mais que suficiente, pra ocasionalmente a satisfacción dos demás pobos en toda sociedá d'eles informada por un ample espírito de fraternidade, determinante do xeneroso sentimento altruista, que obrigaría a cada membro d'ela, en particular, a sentir como propios os milloramentos e os trunfos alleos. Mais isto que é lóxico e natural, que semella sere indicado polo senso común, emporiso non é nen moi menos o corrente, aquello que adoita a suceder; sinón todo o contrario.

A eispricación de iste apparente paradoxo é de unha sinxelezza extraordinaria. Por ela pódese chegar, é de fixo chégase, a conclusión termiñante, incontrovertible, de que os afans egoistas e ruínas dos pobos, xuntamente coas suas cobizas vergonhosas d'eispandimento e desenrollo, mais que a costa dos propios esforzos a costa do esforzo e do vitalidade dos máis, forzosamente amarrados o imperio alleo, son o impedimento que obriga a considerare as tentativas de liberación que un pobo sometido poída realizar, como algo condenábel e merecedor das más enérgicas reprobações.

E áinda que isas tentativas non representen de momento, nem ainda remotamente xiquera, nengunha cráis de relacións con intereses que afecten ou sexan patrimonio de determinado Estado, non por iso iste deixará de sentir certa solidaridade con aquel que se hache direitamente afectado—o solidarismo dos intereses creados; a xuntanza espiritual, ou a formación do cadro de todolos podeirosos, frenta as demandas iradas dos opeixos; o temore a potencialidade refexa dos sucesos que donan márzen a resoanzas más ou menos amplos e intensas—toda vez que a elo lle obriga aquel principio d'ética egoista tan conocido do todos e que di «hoxe por tí e mañan por mí», e que o pobo non satisfeito ainda da sua craridade, materializou áinda máis decidido «cando olles as barbas do teu veciño afeitar pon as tuas a remollare».

Algo de isto que vimos apuntando atopámolo vivo na actualidade co caso de Irlanda. Nengún xornal do Estado hispanol, excepción feita dos que son nazionalistas, tivo pra os desmáns da tiranía ingresa as verbas condenatorias que con calquer motivo fútil e cativeiro adoitan a empregárense; e áinda hubo algún—«El País», madrileño—que tivo a desvergonzera, a falla de tacto e o afiuzamento de censurare a actuación dos irmáns irlandeses, aprobando, por consecuencia, e conducta incalificable de poderes tiránicos, dos qu'el se chama fervente enemigo.

Mais, voltando o tema inicial, novamente afirmamos que, conque o privado de libertade e capacitado pra rexir os seus destinos aspire o conquerimento total de aquela e a prena dirección de istos, non pode ocasionar perxuizo a ninguén; non pode menoscabare no máis mínimo «a lexitima soberanía que nn exerza encol de si mesmo e das suas cousas e intereses». Pensar o contrario obriga a creer na existencia de relacións, na efectividade de fortes vinculos de dependencia e subordinación de categorías ante o que aspira libertade e ó seu autodomínio en virtude de un derecho natural inalienable, e aquele que, por tales aspiracións dos tutelados por él, cóidase magoado e atacado na integridade de unsos dereitos qu'el xuzgá—a tal lle impulsa a sua comenza de dirixente—como divinos ou pouco menos.

Y-eisi resulta, n'efecto. Os pobos atacados pola malfadada febre imperialista consideráranse investidos de unha misión providencial: a de realizar o milloramento e a felicidade dos demás mediante a sua absorción e assimilismo. A mesma febre imperialista failles considerare o mundo dividido, polo menos, en duas crases de pobos: un-

hos que están destiñados a mandaren—ciquí da misión divina; e outros a obedeceren e a deixaren mandárense. Cegos por iste perxuízo non son doados pra ollaren o deusto que asiste por igual a todolos pobos, de vivire a vida de libertade; e pol-o mesmo cren firmemente na contravención das leis naturaes e supernaturaes, cando un pobo calquera pon en actividade os seus esforzos pra abranguer o fan prezado don da vida ceibe e sen amos. E de acordo con ista créncia, en natural consonanza con ela, háchase a reprobación, o fero anatéma e o empeño cou que adoitan a condonaren as tarefas liberadoras do pobo que tencionna sustraérese a hexemonías e a imperialismos mais ou menos moles e soportáveis.

Taes pobos pensan sinceiramente que todo o que non sexa incrinárese con humildade diante das suas decisións soberanas e acatalas en silencio, é un grave pecado contra natura, pecado qu'elos, os pobos privilexiados e dotados da investidura direitiva, teñen que condonaren e castigaren seveiramente... até que chega un dia en que, por mor das circunstancias, háchanse obrigados a despertaren súpetamente do seu sono que tiña talas semellas de unha realidade, i-estances, sojo estances é cando forzadamente óllanse obrigados a decatárense de que o qu'elos coidaban cáseque, ou sen cáseque, como un derecho innánte, como un derecho de orixen divino, non era más que unha suprantación acomodaticia, e pol-o mesmo ruín, de aquela prerrogativa natural dos pobos a sere amos dos seus destinos respectivos e peculiares, incompativel coa más cativa intromisión allea nos mesmos. O aludido dia chega no punto e hora que o país asoballado abrangue pol-o que sexa—o heroísmo dos seus fillos, ou diferentes circunstanzas que poidan mediaren no caso—à sua libertade total.

Eis, por conseguinte, a causa de que todolos movementos nazonalistas, a pesar de non ir en contra de ninguén, sufran ruda oposición e atopen as condenacións rotundas dos pobos cuia falsa posición d'encumbramento é debida únicamente ó pedestal feito con pobos escravizados, postos á cadea e asoballados; pedestal que, pol-o mesmo, sojo pode sere realidade antramentas a vontá dos escravizados se non manifesta rotunda e decidida a sacudire toda crás de opresións, qu' é o que sucede, percisamente, cando nun pobo se inicia o despertar nazonalista a que tanto temen e que tanto aborrecen as nazonalidades que non teñen outro afincamento priá sua grandeza i-erguento que a dórosa escravidade e as mágoas dos demás.

Ramón Villar Ponte.

O ferrocarril Santiago-Cruña

O Sr. Moreno Tilve, diputado a Cortes por Santiago ergueu sua voz no Congreso para perguntarile o Goberno cando se facerá o ferrocarril d'aquela cibidade a Cruña.

O Sr. Lacierva contestou dando a entendere que por custiós de parvo localismo entre as duas urbes, nunca se poidera chegar a un acordo respeuto o definitivo trazo do proyeito.

Mais isto a un lado, nós pensamos—non sin loubar o celo do Sr. Moreno Tilve, que ten no seu historial o feito honroso d'haber esmagado o garecipielismo en Santiago—que un ferrocarril coma o de referencia é unha vergonza facelo contando co apoio do Estado.

Que se busque o apoio do Estado para a construcción do da Costa, é esprixábel, porque supón cento e piques de millóns que os particulares de Asturias e Galizia non darían nunca, xa que o noso capitalismo i-o noso aforro non están adoitados para somellante crás de negocios.

Pero buscar o apoio do Estado para facer unha liña curta e de tan pequeno custe com'a de Santiago a Cruña, que entre unhos poucos capitalistas galegos, sin o menor resgo, poderíase levar a romate axiña, resulta o colmo da probeza d'espirito dos homes de cartos de por acó.

Unha liña férrea ou tranvia entre Santiago-i-a Cruña ten que sere negocio sempre, e más contando con que o ferrocarril da costa non tardará moito en s'escomenzare a facer.

E pra un negocio seguro e de escasos millóns inda hai que pedir o apoio do Estado, cando tanto urxe nazonalizar enxebrizar as nosas industrias?

As xentes de cartos da nosa Terra, dan mesmo noxo pol-o parvas, apoucadas e inútiles.

Ao bon irlandés

Com'as garridas mieses na seitura
van caindo
en neviña de sangue, a florecer.
Irlanda en primaveiral Na tépida quentura
van xurdindo
ep'a caer e caer...
e tornar a florir
e a morrer
na escuridade d'oeje, celestia do porvir.

As rojas labaradas
fumegantes, ardentes,
lamben tragicamente
as torradas paredes das chouzas derrubadas
a feito...
Irlandés! N'hai fogo como o fogo do teu peito!

A' chamada do sanguel A' voz da Terra-Nai!
Un irlandés que s'ergue porque outro irlandés
caí,
E as balas a cimir sin dor nin compasión.
Bon irlandés! Tu tes d'aceiro o corazón!

V. TAIBO.

A sombra de Xan de Robres

En Lugo, fai poucos días, botouse a casa pol-a fenestra, como dí o refrán, para lembrar un feito sinxelo: a postura da primeira pedra do novo Hospital.

Houbo procesión cívico-relixiosa, serenatas, xantares, etcétera. Y-o acto concorreron os deputadiños Rodríguez Viguri e Quiroga Espín.

Con ben pouco s'entusiasma Lugo, abofé... Porque si en troques d'un Hospital fose unha gran fábrica a que s'inaugurara, ou un centro cultural importante, ¿qué lles restaba de facere?

A' cabecera do xantar, no que falaron Viguri e Quiroga, esquecéluselles ós lugueses por un retrato: o de Xan de Robres.

Porque o ideal de todo povo moderno é pór os medios de que non haxa pobres que percisen d'Hospitaes... Isto d'unha beira. E d'outra, os politiquiños de rueiro, os que tanto agarimo lles adican ós lugueses c'o seu *dolce far niente* conseguiron facer pobres que necesiten d'Hospitaes.

Non quer dicir isto que nos parecese mal a festa referida—salvo o eterno adular caciques—, non; o que queremos dicir é que moito tememos que Lugo tarde ainda moitos anos en facer a festa da sua cidadanía en trunfo. Non somentes a capital, senón toda a provincia, e o mais morto, o mais manso da nosa Terra.

¡HOSANNA!

Hosanna! Aleluya! Hosanna!

O vento vai fuxindo e perseguindo
A choiva arremiña degarada
O comento dos pinos repetindo
Na soedade inviolada:
Hosanna! Aleluya! Hosanna!

O vento—fuxitivo perseguindo—
Desenvolvéndose de Hosanna!
A choiva—arremuiñante—
Agarimándose de Hosanna!
Os pinos—o comento repetindo—
Solenizándose de Hosanna!
A soedade—inintimidante—
Ispindose no Hosanna!

O tolo vento
Choiva sedosa
O solenizado
A vaguedade soedosa
Hosanna! Aleluya! Hosanna!

C'unha voce imperiosa.

MANOEL-ANTONIO

A cuestión da Irlanda durante a guerra

Tendo aprobado a Cámara dos Comunes, por tres veces, o "bill" do "Home Rule", este foi sometido á sanción real, ingente das suas votacións contrarias da Cámara dos Lores, según o disposto na ley sobre o Parlamento. O "bill" ou proyecto do "Home Rule" trouxe en "act" ou lei, e entrou a formar parte do "Statuto Books" inglés, ou sea, do Libro das Leises. No Outono do 1914 tiña de ser posta en vigor a lei nova.

Mentres se buscaba unha fórmula de concordia que resolvese o conflicto do ULSTER, estalou o grande guerra. O Parlamento, a proposta do Goberno e c' o asentimento de Mr. Redmond, accordou deixar de momento a implantación da lei até despois de rematada a guerra, a fin de evitar que a cuestión ulsteriana producira disturbios na Irlanda entramentras o exército loitaba contra os imperiales.

Os alemanes viñan traballando dende hai moitos anos a opinión irlandesa. Cando estalou a guerra, Alemania valeu-se principalmente do irlandés Sir Roger Casement, ex-diplomático da Gran Bretaña home apariado (quen, según opinión de moitos, non estaba san do seu juizo), para fomentar a agitación separa-

tista creada pola asociación "Sinn Fein" (palabras gaélicas que significan "Nós solos" "Nós mesmos".)

Os "sinn feiners" concibiron grandes esperanzas, Coidaban como os irlandeses de tempos que pasaron, que "as dificultades para Inglaterra constituen oportunidades para Irlanda". E d'acordo c' o grupo sindicalista irlandés que anos atrás dirigió o famoso Jim Larkin, que despois emigrou aos Estados Unidos, organizaron o erguemento da Pascua do 1916. Fracasou a rebelión, e seus principais xefes foron condenados á morte por un Consello de Guerra. Sir Roger Casement, que tiña sido preso ao desembarcar na illa, aonde o levou un submarino alemán, foi asimesmo morto algúns tempo despois.

A represión aunque non foi moi forte, causou un novo resentimento n'os irlandeses. O "Sinn Fein" viu medrar dunha maneira súpeta o número d'os seus partidarios.

O partido nazionalista dirigido por John Redmond—que tiña condenado rexamente o erguemento—viuse abandoado pola masa do povo.

C'oa noble intención de buscar unha solución práctica ao agravado conflicto, o Goberno de Lloyd George, en junio do 1917, xuntou un Convención ou Asamblea irlandesa, formada por persoas de todos os partidos e de todas as clases sociaes da Irlanda, sin contar a dos "Sinn Fein", que negouse a asistir a ela e que combatiuña rexamente. O goberno inglés tiña ofrecido aceptar e levar á realidade supetamente o acordo que a Corporación determinase. Desgraciadamente o acordo foi imposible. A ausencia dos "sinn feiners", que hoje representan a mayoría da opinión irlandesa, tiña feito ja mermar considerablemente a posibilidade d'unha solución verdadeira saída da Convención. Por outro lado, os protestantes orangistas do Ulster adoptaron na Convención unha actitude de intransigencia, negándose a aceptar toda solución que non consistira en desbotar a aquela provincia do territorio da Irlanda autónoma.

A Cuestión do servizo militar obrigado veu agudizarse a agravar o conflicto. As vicisitudes da guerra, na primavera do 1918, fixeron preciso reforzar os contingentes do Reino Unido. Unha lei nova sobre os efectivos militares espallou o alcance do servizo obrigado na Gran Bretaña e ordenou a aplicación da recolleita forzosa a Irlanda, que tiña quedado fora de tal obligación.

A protesta contra o servizo militar obrigado xuntona na Irlanda a todos as clases da sociedade e a todos os partidos nazionalistas.

O clero católico, dende os bispos aos cregos d'alle, puxose ao frente do movemento a resistir. E todos os irlandeses fixeron xuramento solemne a negarse a seren levados ao servizo militar por todos os medios de resistencia que tuveran ao seu alcance.

A forte agitación da Irlanda nazionalista respondeu

a agitación arangista do Ulster. Os ulsterianos reorganizaron os batallons de voluntarios formado no 1913 para oponerse polos armas á incorporación da Irlanda autónoma.

O goberno inglés tiña anunciado a presentación d'un novo proyecto do "Home Rule", redactado d'acordo cás bases tratadas, pola mayoría da Convención irlandesa, declarou que atopabase no caso de deixar para outra vez a presentación do proyecto.

Disolto o Palamento inglés no mes do Nadal, celebráronse novas eleccións no Reino Unido. Os "sinn feiners" tuveron na Irlanda un grande trunfo. Conqueriron 70 d'os 77 distritos verdadeiramente irlandeses da illa. O partido nazionalista que dirigió minister Remond, que morreu no 1918, viu reducidos a 7 lugares os 80 que tiña na anterior Cámara dos Comunes.

John Dillon, quedouse sin acta.

Os diputados "sinn feiners" non ocuparon os seus escanos no Palamento de Westminster. O 21 de Janeiro xuntáronse na "Mansion House", de Dublín, os diputados separatistas que estaban en libertade (un bon numero d'eles estaban no carcel ou deportados) e comenzaron a actuar como Asamblea constituyente. Proclamaron a República independente da Irlanda, nomearon persoeiros para a Conferencia da Paz e pediron ao Goberno de Londres que as tropas británicas deixaran o país. O xefe dos "sinn feiners", Eduardo de Valera (de oríxen gallego como indica o seu apellido), conseguiu fugir do cárcel inglés onde estaba preso, e algunas semanas despois apareceu ocupando a presidencia d'a "Dail Eirean", ou sea Asamblea constituyente de Dublin.

A situación en Irlanda agravouse novamente. En toda a illa foi declarado o estado de guerra. Si a situación non se modifica agiña d'unha maneira radical, será imposible evitar novos episodios de rebelión e sangue.

Sobre da nazón irlandesa pesa já o trágico destino que fixo de "Eirin" unha terra de tempestade e delor, en perpetua crisis, devorada pola frebe de malestar, traballada polos formentos da revolta. "Os irlandeses—ten dito un escritor francés—levan unha raiola do sol no corazón." Pode mais n'eles a paxión ardente que o juizo sereo. Teñen o espírito heroico, faltalles o sentido político.

E os ingleses que teñen o espírito político, perdendo cando se trata de cuestión da Irlanda. Só os obreiros e un pequeno fato de liberales que redactan a revista "The Nation", aceptan a posibilidade de que Irlanda sea un Estado libre 'independente, ja que esa é a sua vontade.

A. ROVIRA VIRGILI.

XURDIMENTO

(Ao meu querido i-ademirado amigo

Camilo Díaz Baliño)

O xéneo d'unha raza, rexia e forte,
Aitiva, emprendedora, honrada, austera,
Qu'espallándose vai por tod'a terra,
Coa virtú do traballo por seu norte;
Que n'o Medulio soupo achar a morte;
Que n'o Sampayo erguéuse en son de guerra,
N'a Frouseira contra vís treidores cerra,
Y-en Carral dina foi de millor sorte;
O xéneo de esa raza que n'a hestórea
Qixó ciclos pasar adormiñado,
Vívindo pol-as gróreas d'un pasado
Y-as grandezas revendo n'a memorea;
Ese xéneo, xurde en tí, que alumeado,
Eres d'él o pregón i-a executórea.

XESUS SAN LUIS ROMERO.

PENEIRANDO

Din algúns xornales de Galiza que a sociedade que para aldraxe noso leva o nome de "Centro de Galicia" na capital de España fai labor pola nosa terra.

Os que se interesan polas nosas cousas xa saben d'abondo o que hai d'iso e non se deixan engañar por artigos esquirtos polos mesmos autores de semellante labor.

Que falen de xogo e hispanismo patrioteiro, bueno, pero... ¡que creían que iso é galeguismo!.

* * *

No mitin feito en Ourense adicado ao exministro Espada falou o Alcalde d'aquel pobo combatindo a cobiza dos açapadores. Os que coñecen a industria do Sr. Villanueva pensarán que ao falar así é que toleu o arrepentiu.

Sinón é o colmo...

* * *

O vello chinchineiro Ortega Munilla dou unha conferencia en Vigo.

Unha conferencia que resultou unha ringuileira de parvadas. Retórica, cursilería, logares comúns.

Somentes dixo unha cousa coa que estamos conformes: que Vigo debe ter unha Universidade Mercantil.

Debe tela i-hai que traballar para que a teña.

En troques, Ortega Munilla, dixo que a emigración é un ben. E que inda haxa xentes que faigan caso d'estes percebes...

Como si non houbese abogados en Galicia, chamaron a Barrionero para que defendese ós reos do bárbaro críme de Suevos. Outra vez o chamaron para Ourense.

Barriovero ven, pro para ese viaxe non se percisaban alforxas.
Millor que él faceríao calquer abogado galego.
¡Qué afán de sentirse inferiores en todo teñen cásque tódolos galegos!

Cáceres dalle unha leición a Galiza

O Claustro do Instituto Xeneral e Técnico de Cáceres propuxo ó Consello d'Instrucción pública a creación n'aquel Centro d'unha cátedra de Lingua e Literatura portuguesa de carácter voluntario e gratuito, solicitando, ó mesmo tempo, que s'encárregue d'esplicar dita disciplina o auxiliar d'Idiomas d'ali.

O xornal de Lisboa «O Tempo», loubó esta iniciativa com'a loubaron tamén os xornaes de Cáceres, xa que entenden que así estreitaránse as relacións espirituales entre Extremadura e Portugal.

E' vergoñoso que Galicia se non teña adiantado os extremeños n'isto. Sendo o idioma portugués irmán do noso, i-o lirismo i-o humorismo, caraterísticos da raza común, fai tempo que en tódolos Institutos da Terra igoal que na Universidade debera acharse establecida dita cátedra, más principalmente no d'Ourense e Pontevedra, provincias fronterizas coa lusitana.

O medio de salvar as fronteiras materiaes e históricas c'unha unidade espiritual fecunda para a nosa cultura, non podería ser mais doado.

Pol-o mesmo, os nazionalistas galegos, que xa veñen facendo unha aprosimación intelectual i-artística c'os portugueses, proporán na III Asamblea de Vigo tan oportuna ideia, que un orgaismo obrigado a elo, da Cruña, más ficticio que real, inda non tencionou conquerire.

LÍRICA NOVA

O vento pasa

A Tomás Garcés

O vento pasa
pasa cantando antr'os piñeiro
o vento da montaña
pasa zoando antr'os piñeiro fungadores
antr'as irfas uces
antr'as xestas bravas
antr'os toxos frolecidos
antr'os ameneiros das frescas encañadas
Vento, gran poeta
salayo da Terra
Vento, alma ceibe
leva o sono d'eterna saudade
leva o sono inmortal da miña Raza
no teu cantar
no teu zoar
Alén!
Alén!

O mar cantou

A J. Salvat-Papasseit

O mar cantou
cantou pr'arrolal-o sono da Terra
da Terra que dorm'o sono da sua beleza
O mar cantou
O mar quixo sel-o poeta da Terra
Ya Terra estab'encantada no mistereo do Mar.

VICENTE RISCO

Despois da visita da Compañía arxentina

A notabre compañía arxentina que apraudimos na Cruña e agora aprauden outras cidades galegas, ven a probar como o autoctóno, o diferenciado é o máis interesante de cada país i-o único interesante c'o que cada país pode colaborar na solidaridade universal da cultura, de que falou Guyau.

O teatro e o espello onde millor se refrexan os costumes dos pobos, pro o que inda resulta máis notabre que os costumes, o xeito especial, temperamental, d'apreciare, a través da sua psicoloxía propia, os problemas universaes. I-así pode se decir que pobo que non teña teatro propio, é pobo sin alma ou pobo adormiñado. Poriso coidamos que Galiza, quizais enantes que nada, debe facer xurdir o seu teatro. E para facelo xurdire traballan arreos as «Irmandades».

Merecente e, pois, a compañía arxentina de todolos nosos agarímos, tanto máis canto que tivo para Galiza unha delicadeza que compre seípan cantos nos leen, a fin de que se decaten do que val a labore nazionalista: o caso é que en «Barranco Abajo» de Florencio Sanchez—unha das piores obras do groriós uruguayo, con perdón do crítico da «Voz»—o papel de galego que na fábula intervén trocou a dirección d'aquela compañía pol-o d'un catalán.

¿Queredes millor mostra da trascendente virtualidade das protestas patróticas contr'o «Cristobalón» do madrileño Linares, que ista?

Pero a Compañía arxentina tamén serviu para probare canto ten de provinciana a pseudo crítica dos xornaes cruñeses, pois en ningures fartámonos de ler tantas parvadas como as que n'aqueles dixeronse respecto ás obras i-ós atores americanos.

O Ateneio de Vigo

Acabábase de se fundare en Vigo un ateneio que espertou fondo entusiasmo entr'a mocedade d'aquel povo.

O persistente e segredario do mesmo, dirixíronse ás novas personalidades mais saintes da Terra, pregándolle envien á tan simpática institución cultural, traballos d'interés relacionados con problemas vitaes para darles ali leitura e logo discutilos i-estudalos.

Temos entendido que os principaes pergoeiros do nazionalismo galego, tencionan enviaroun doutrinas sobre o seu credo ó Ateneio vigués.

Ogallá que a actuación d'este poida ser fructífera para Galizia. Dende logo os rapaces intelectuaes de Vigo axuntados no dito centro teñen todo o noso alaudo agarímoso.

IRMANDADE DA CRUÑA

Novo Consello Directivo

A Irmandade elexiu o derradeiro día 10 o seguiente novo Consello Directivo:

Conselleiro 1. ^o	Francisco M. Balboa.
2. ^o	Francisco Abelaira.
Segredario	Luis Peña Novo
Vice	Antón Alvarez.
Tesoureiro	Antón Villar Ponte
Contador	Iyo Fernández
Bibliotecario	Fernando Osorio
Vocales	
Beñatino Varela, Antón Xil Rovira, Antón Martínez, Manuel Lemus e Anxel Casal.	
Administrador d'A NOSA TERRA,	Victor Casas.

Vellos poetas gallegos

Segundo terzo do século XIII

Ay, Santiago, padrón sabido,
Vos m'adugades o meu amigo;
sobre mar vem quem frores d'amor tem,
myrarey, madre, as torres de Jeem.
Ay, Santiago, padrón provado,
Vos m'adugades o meu amado;
sobre mar vem quem frores d'amor tem
myrarey, madre, as torres de Jeem.

PAYO GOMEZ CHARINO.

Amigo, quando me levou
mha madr'a meu pesar d'aquí
nom soubestes novas de mí,
e por maravilha tenho
por nom saberdes quando vou
nem saberdes quando venho.

Pero quem vos amedes, meu
amigo, nom soubestes rem
quando me levarom d'aquém,
e maravilho-me ende
por nom saberdes quando m'eu
venho, ou quando vou d'aquémde.

Catey por vos quando a partir
m'ouve d'aquy e pero nom
vos vi, nem veistes entom,
e mui queixosa vos ando
por nom saberdes quando-m'ir
quer'ou verrey ja quando.

E por amigo nom tenho
o que nom sabe quando vou
nem sabe quando me venho.

JOHAN AYRAS.

CANTINELA

E tod'a pesca en Galicia
pr'os políticos d'Espanha;
todos veñen pescar n'ela,
us con rede outros con caña.

F. SALGADO Y LOPEZ QUIROGA.

A LITERATURA

A literatura de un pobo é o desenvolvimento do que él ten de mais sublime n-as ideas, de más filosófico no pensamento, de mais perérico na moral, e de mais bello na natureza: é o cadro animado das suas pasiōns, o despertador da sua gloria, é o reflexo da sua inteligencia; e cando ese pobo, ou esa generación, desaparece da superficie da terra con todas as suas institucións, creencias e costumes, escapa a literatura aos rigores do tempo para anunciar ás generacións futuras cual foi a carácter e a importancia do pobo, do qual é ela o unico representante na posteridade. Sua voz como un eco inmortal repercutte por toda a parte e di: en tal época, debaixo de tal constelación, e sobre tal punto da terra, existia un pobo cuia gloria só eu a conservo, cuios hérois só eu coñezo; vos, si pretendedes tamen coñecel-los, consultade-me, porque eu son o espírito d'ese pobo, e unha sombra viva do que él foi.

ORTOGRAFIA

A ortografía é a vestidura e o ornato visible das palabras. Ela encarrégase de as representar aos ollos. Así como a orthoépia as representa aos ouvidos. Así como a palabra debe ser eufónica e simpática ao ouvido, así debe tamén deliciar, ou ao menos non ofender a vista do leitor.

Para a vista non é tamen indiferente o ornamento da palabra. Un certo colorido de veneranda antiguedade imprime á palabra un cuño severo, e da-lle unha forma estética que a palabra non pode regeitar, porque ela é o verbo, por onde o verbo se revela na sua más noble e más fermosa manifestación.

Así como a arte nova ao reproducir no lenzo ou no mármore os bultodossseus herois, trasporta-osen visión ás edades poéticas da antiguedade, para lles dar ás atitudes clásicas, e lanzar aos hombros a toga romana, así tamén a arte hoje restitue as palabras que as lingua celta e latina nos legou, as vestiduras que elas trajavan na edade áurea da civilización.

Tomade o trecho mais sublime ou mais sentido do mellor poeta, do mellor literato, escrebil-o con unha ortografía que non seja a que os nosos ollos están afeitos a ver nos escritos clásicos etimológicos, e o trecho poético ou literario moverá-vos á rir en vez de incitar-vos ao entusiasmo, ao sentimento e á contemplación da beleza; será como si a recitásesedes con unha pronuncia viciada.

Ademais a ortografía tende á perpetuar as linguas. Dende Virgilio até ao Tasso, todos os homes en Roma falaron as linguas de seus pais. E Virgilio e Tasso escribiron en idíomas diferentes. Foi a falta de ortografía unha das poderosas razons da perda da primitiva lingua romana. Porque ainda que a pronuncia fose a mesma, os filólogos demostraron a evidencia que os romanos pronunciaban as palabras de diferente maneira.

Queredes un exemplo? Contemplade a literatura portuguesa, homogénea e idéntica á nosa. Imaginade agora que adoptamos unha ortografía fónica e que Portugal facía o mesmo.

D'unha literatura única que era, resultarían duas, que necessitarián cada unha do seu lexicon para se entenderen mutuamente.

E a ortografía que ainda as fraterniza, conserva-as ainda homogéneas, e imprime-lles ingente das diferencias de pronuncia, o carácter d'un idioma común.

Establecede a ortografía fónica, e os dous mercados que existen para estas duas literaturas desaparecerán, porque os libros d'un país terán de ser reducidos no idioma do outro.

X.

A N O S A T E R R A

Suscríbase vostede

Galicia para Castela e para Cataluña

A cotío hachámonos con un feito que nos deixa de sere outamente chamativo e cícais de suma significación. Iste feito é o seguinte: sempre que un esquirtore, que un tratadista catalán, sexa do caris que sexa, fala de calquier rexión da Península faino de un xeito, sinón agarimoso e ateigado de louva por que a elo opónase una exticta sinceiridade, pol-o menos con certa consideración que, en determinados momentos, se troca, pra convertírese en disculpa ou xustificazón de tal ou cal defecto ou lixo; non casuarinamente xiquera pode atoparse a condenación terminante ou a eisprisión crara de aquello que constitue incomenente, falla ou lixo mais ou menos vergoñoso; por outra parte, por pouco que da terra en cuestión poida decírese sempre se atopará algo típico; algo xeninuño que oferescere á curiosidade do lector e que de certo modo veña a espaire a impresión pouco favoravel que puidera ire formando no curso da lectura. Mais cando de aGlicia se trata, cando de cousas galegas se fai relación ¡ah! entonces xa todo varia. Invariabelmente aparece citado o lado mouro, real ou finxido, dos seus diversos aspectos. De un xeito único amontánanse encol do prestixio e do bon nome da Galicia os xuizos falsos, denigrantes, feitos á lixeira, determinados cícais na maioría dos casos por unha estrana xenreira e unha certa animosidade que, desde os tempos groriosós do alporizamento de Pardo de Cela, debeuse ire incubando nos peitos casteláns contra Galicia e os seus fillos, por mor do xesto bariil que n-aquela data souberon tere revelándose contra a imposición ilexitima de un povo inferior, en todo e por todo, á nosa Patria. E ista xenreira e animosidade de que falamos, inda que disfrazada nas mais das ocasións con certa máscara de desprezo e de rebaixamento pra nós e prás nosas cousas — lembrádevos da verba "gallego" empregada polos casteláns en ton de aldraxe e por eles levada até Améri-

ca—sigue subsistindo fortemente, como o proban a cotío os feitos coa sua innegábel craridade.

Por outra parte, a certificar e a demostrar a existencia das citadas animosidades e xenreira ven o seguinte: dentro do Estado hispánico soio un país gardou de cote pra nós consideiración e deferenzas; iste país é Catalunya. A eispricación atopámola no feito de sere a nazionalidade catalana a única terra, das que integran o Estado hispánico, que soupo e puido ofrescérese caseque impenetrável á malfadada influencia castelán; todal-as demais, dominadas 'ou corrompidas, soio souperon entregáranse vergoñosamente á escravitude, sen laios e sen protestas. I-eisi puido desaparece d'elas a vontade propia pra ficaren reducidas a seguiren en todo as decisións inapeláveis —como de amo ós seus escravos—que Casteia soberán ven impôndolles.

Catalunya, pois, arredada en todo, illada completamente do infruxo castelán, ollouse ceibe de participar, ficou libre de sentire aquela animosidade i-enemiga hacia Galicia e as suas cousas que Castela foi-infiltrando nas disgrazadas terras por ela infriuenzadas e a ela sometidas e amarradas. Eis, por conseguinte, como o demérito e mala sona da Galicia e das mas cousas abarca, sen deixare un, todol-os países e terras a onde chegou a infrienza castelán. De taes prexuzos, perxudiciáeis pra o noso bon nome, solo se atopan ceibes os países onde aquela non consigueu faguérese dona; exemplo Catalunya. Eisi como a intensidade do seu afincamento en calquera rexión—e isto non deixa de sere significativo e reveladore en grado sumo—é tanto mais pequena e tanto menos importante i-eistendida canto menos intensa e forte fora e siga sendo n-ela a infrienza de Castela; exemplo Vasconia.

Agora ben, non toda a culpa das caloñas, dos aldraxes e das mágoas con que a cotío se nos vén favorecendo dende as terras casteláns, lles corresponde a istas. Os propios galegos, os mesmos fillos da nai Galicia contribuiron de cote, e inda siguen contribuindo grandemente, a que os aldraxes e as falsas lendas se perpetuen. E'tan grande o impudore, o desleigamento, a estulticia e a abiección da maioría dos galegos que a eles, caseque eiscrusivamente, pode atribuirse a razón de perenuidade na maioría das fabulas texidas en col da nosa civilidade e da nosa sona. Por ista causa a nosa tareia, a tareia dos que, orgullosamente chamámonos nazionalistas, fan que tere contra dos que por unhas aberracións da natureza nasceron trabucadamente no chan galego, cando os lugares axeitados pra berce d'eles houberan sido, ou as rúas achulaponadas e antieuropéias da vila podre, ou as terras irtas e probes de areal africano que constituien as mesetas do centro peninsuare.

R. V.

Camiseria, Corbatería
e Guantería

Enrique Roca

REAL, 28-A CRUÑA

Os viños e coñas millores

son os que se exporta a casa PEDRO DOMEcq de Xerez Fron-teira, fundada en 1734. A casa más antigua de Xerez.

O vermouth más selecto
de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosecheros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

"Patente-Salvavidas"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla de ouro nas Exposiciones de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

PRECIO: 5 REAS

Véndese—Na Cruña, Ademinsistración «A Nosa Terra», e Irmadade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Gerardo Castro, en Lugo.

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA

GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursais na Cruña: Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todas as nosas sucursais ostentan un letrero como sinal, que reproduz a marca de garantía xa conocida.

Recíbense encargos de fora, y espídense por medio das nosas sucursais. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

PAULINO FRÉIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursais: en CRUÑA-FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparelhos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros:

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

O Café Novo

Urzáiz, II - BAYONA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales librerías de Galicia.

PRECIO: 5 REAS

Véndese—Na Cruña, Ademinsistración «A Nosa Terra», e Irmadade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Gerardo Castro, en Lugo.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas pra Habana e Veracruz

Direitamente da Cruña saldrá para Habana e Veracruz o

Vapor FLANDRE el 17 de Abril

Prezos en Cámara

	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	1.350 a 3.600	1.475 a 3.500
Segunda crase	» 1.100	1.200
Preferencia	» 950	1.010
TERCEIRA CRAS	» 600	615

A estos precios hai que añadir os impostos

O dia fixo de saida anunciaránse oportunamente.

O pasaxeiro que deseje embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender uiaxe hasta que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clase de informes sóbior de datas de saida, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo

COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Francaise de Navigation

Línea Habre-Plata

El dia 23 de Abril saldrá directamente de este puerto para los de Montevideo y Buenos Aires, el magnífico vapor rápido

SALLANDROUZE

Admite pasajeros de 1.^a, 2.^a, 2.^a económica e 3.^a clase.

Precio del billete en tercera clase, 521'75

Línea Brasil-Plata

El dia 9 de Mayo, saldrá de este puerto para los de el Brasil, Montevideo y Buenos Aires el magnífico vapor rápido de 10.000 toneladas

QUESSANT

Precio del billete en 1.^a clase, a Río Janeiro, ptas. 2.044; a Santos, 2.100; a Montevideo, 2.380; a Buenos Aires, 2.464. En segunda económica, a Río Janeiro, Santos, Montevideo y Buenos Aires, pesetas 952.

NOTA.—Niños menores de 2 años, uno gratis por familia; de 2 a 5 años, cuarto pasaje; de 5 a 10 años, medio pasaje; y mayores de 10 años, pasaje entero.

Es necesario presentarse en la Agencia con cinco días de anticipación.

Para toda clase de informes dirigirse a los Agentes generales para España:

ANTONIO CONDE (Hijos) Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saida do porto da Cruña para Bahía, Río de Janeiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O dia 21 de Marzo saldrá da Cruña o paquete correo

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase.	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia.	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incruidos impostos), Pesetas 521'75

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Filhos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA